

19/246 **III PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO (2012-2015). ACTUALIZACIONES 2014.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 7 de abril de 2014 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“ANTECEDENTES

Examinado o expediente de referencia e vistos:

I.- III Plan estratéxico de subvencións do Concello de Lugo para os anos 2012-2015, aprobado por Acordo da Xunta de Goberno Local Nº 18/215 do 4 de abril de 2012.

II.- No expediente obran informes das Áreas de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua; Participación Cidadá; Benestar Social e Igualdade; Deportes; Muller; Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación; Urbanismo e Educación, coa conformidade dos seus respectivos Concelleiros/as, nos que se sinalan as liñas estratéxicas de actuacións para a concesión de subvencións a determinados sectores por parte do Concello de Lugo, na presente anualidade 2014, conforme o Plan Estratéxico 2012-2015 aprobado.

III.- Informe Memoria de actualización para a presente anualidade do 2014 do III Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Lugo con data do 31 de marzo de 2014, redactada pola Xefa de Sección de Fomento, coa conformidade da Sra. Concelleira Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación

IV.- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

- R.D. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- Ordenanza Xeral municipal reguladora da concesión de subvencións do Excmo. Concello de Lugo, publicada no BOP nº 111, do 18 de maio de 2005.

- Bases de execución do Presuposto.

V.- Informe do Sr. Interventor Xeral do 7 de abril de 2014, e referencia: 89/2014, do seguinte teor literal:

‘Asunto : Actualización no exercicio 2014 do Plan Estratéxico de Subvencións 2012-2015.

I .Lexislación aplicable

- *Arts. 21.1 e 25 da Lei 7/1.985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*
- *Art. 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia*
- *Arts. 40, 214 e ss do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais*
- *Art. 4 R.D. 1174/1.987, do 18 de setembro, Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación de carácter Nacional*
- *Art. 92.2 b) da Lei 7/1.985, Reguladora das Bases de Réxime Local*
- *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións : Art 8*
- *Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións*

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: Acordo XGL 19-246-actualizacion Plan Estratéxico-2014 (2).doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-4-2014

- *Bases de execución do Presuposto prorrogado no exercicio 2014 (Base 24)*

II .Documentación obrante no expediente

- *Aprobación do Plan estratéxico 2012-2015*
- *Acordo 3/3 do Excmo. Concello Pleno, de data 3/2/2014, de aprobación inicial de modificación da base 24.E das de Execución do Presuposto Xeral prorrogado no exercicio 2014.*
- *Anuncio aprobación definitiva BOP nº 66 de 21/3/2014*
- *Informes dos distintos servizos municipais interesando á tramitación do presente expediente.*
- *Informe Memoria relativa á actualización para o ano 2014 do III Plan estratéxico de subvencións.*
- *Proposta de Actualización do Plan estratéxico de Subvencións da Xefa da Sección de Fomento e conformada pola concelleira Delegada de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, dona Sonia Méndez García*
- *Estados contables a modo de certificación das respectivas consignacións orzamentarias nas partidas de referencia, quedando o crédito retido en contabilidade.*

III.Informe de Intervención Fiscalización Previa Limitada

O art. 8.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións esixe que 'con carácter previo al establecimiento de subvenciones, los órganos de las administraciones públicas (...) deberán concretar en un **plan estratégico de subvenciones** los objetivos y efectos que se pretenden con su aplicación, el plazo necesario para su consecución, los costes previsibles y sus fuentes de financiación', en todo caso con sujeción aos principios de estabilidade presupuestaria.

Extremos a comprobar

1. Con carácter xeral

- Órgano competente:** O órgano competente para a súa aprobación é a **Xunta de Goberno Local**, segundo o **artigo 127. 1 g) da Lei 7/85**, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Existencia de crédito adecuado e suficiente:** Respecto ás consignacións presupostarias, esixidas para a efectividade da execución do Plan, constan no **expediente documentos os estados contables de existencia de créditos (MC RC)** asinados pola Sra. Tesoureira, nas distintas aplicacións orzamentarias e polos importes globais relativas tanto ás *subvencións nominativas* relacionadas na Base núm. 24 das de execución do Orzamento vixentes, como as consignacións relativas ás *convocatorias públicas* das distintas áreas de xestión municipal, quedando retido o crédito en contabilidade, por importe de **2.743.946,62 euros:**

APLIC.PRES. ÁREA IMPORTE RECOLLIDO NO PLAN (€)

<u>APLIC.PRES.</u>	<u>ÁREA</u>	<u>IMPORTE RECOLLIDO NO PLAN (€)</u>
34100.48900	Deportes	869.000
33000.48900	Cultura	125.500
33403.48900	Xuventude	10.000
23201.48900	Muller	27.100

23290.48900	Servizos Sociais	273.000(*)
23290.48901	Servizos Sociais	289.499
32300.48100	Servizos Sociais	31.800
92400.48900	Participación Cidadá	78.500
31300.48900	Participación Cidadá	51.000
24100.48900	Promoción do emprego	200.000
24100.78900	Promoción do emprego	250.000
24400.77000	Industria-Plan Urban	100.000
24400.77000	Industria-Plan Urban	120.000
24400.77000	Industria-Plan Urban	100.000
15100.48900	Urbanismo-Axudas ITE	50.000
15200.78000	Urbanismo-Rehabilitación	168.547,62

(*) No listado dos estados contables subministrados por Contabilidade figura crédito por importe de 285.000 euros: exclúense os gastos do programa de erradicación do chabolismo por importe de 12.000 euros, non incluídos no Plan estratéxico de Subvencións por non ter dita natureza. (Aplicación orzamentaria 23290.48900)

Executividade dos recursos:

a) as subvencións de natureza corrente, co carácter xeral, financiaranse con Fondos propios ordinarios; non obstante, en aqueles expedientes nos que se determine a súa afectación á compromiso de ingresos doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, condicionarase a efectividade dos créditos á executividade do compromiso de financiamento.

b) respecto das subvencións que o seu obxecto sexa a cobertura financeira da execución de gastos de capital, financiaranse, segundo os casos, con fondos propios ou ben con financiación afectada de ingresos de natureza non financeira (capítulo 7 de ingresos fundamentalmente) segundo os compromisos de financiamento daqueles programas de actuación que contan con financiamento doutras administracións (Fondos FEDER -Plan Urban- e compromisos de financiamento do Estado e da CCAA para as actuacións de Rehabilitación e Urbanización do Casco Histórico e Sagrado Corazón, incluídos nos Planes de Vivenda correspondentes).

c) As subvencións a que se fai referencia nos distintos capítulos do Plan estratéxico relativas a '*outras resolucións e convenios*', condicionan a efectividade dos créditos á executividade do compromiso de financiamento.

d) Por outra parte, respecto das consignacións sinaladas para axuda a vivenda relativas á Area de urbanismo, debe sinalarse que o importe mencionado corresponde á anualidade do 2014 das subvencións para as finalidades propostas, correspondentes ás fases indicadas nos Convenios respectivos co Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma, respecto da 13ª fase Casco Histórico.

Adecuación Réxime competencial derivado da Lei 27/2013 de racionalización e sostenibilidade da Admón local : Vid Observacións.

- Informe proposta da unidade xestora** : Informe proposta de data 31/03/2014 do Servizo de Fomento, asinada pola xefa de sección e pendente de conformar polos responsables técnicos e da Area xestora (*vid Observacións*).

2. Con carácter específico

- Documento 'Actualización Plan Estratéxico de Subvencións'** : Do análise e exame da documentación obrante no expediente remitido a esta Intervención Municipal, pódese considerar o cumprimento con carácter xeral das previsións legais respecto do contido do documento inicial e as actualizacións anuais sucesivas, sinalándose como líneas estratéxicas de actuación nas que se pretende incidir as de mellora de infraestruturas, mellora na calidade de vida dos cidadáns e fomento da actividade veciñal , impulso da actividade económica, todo elo en beneficio da proxección turística da cidade.
- Informes técnicos**: xúntanse ó expediente os informes técnicos dos responsables das distintas Areas de xestión, de conformidade coa proposta
- Informe xurídico** : A estes efectos, consta no expediente informe da xefa de Sección de Fomento, de data 31/3/2014, no que se pon de manifesto, en relación ás convocatorias

3. Conclusión Fiscalización Previa Limitada

- Procede a continuación da tramitación do expediente, sen prexuízo das seguintes observacións**

-Cuestións formais: *deben incorporarse ó informe-proposta a conformidade dos responsables técnicos do Servizo e da responsable da Area xestora.*

-Cuestións materiais:

**nos respectivos expedientes de gasto deberá incluírse a xustificación da adecuación do contido do programa ó réxime competencial municipal, de conformidade coa normativa en vigor en cada momento, significándose que se trata de programas de fomento recorrentes respecto de exercicios anteriores.*

** Respecto das previsións de programas de subvencións de nova implantación para micropemes en concorrencia competitiva, xúntase informe da Técnico responsable de Desenvolvemento Local no que se condiciona a efectividade da mesma e a súa convocatoria, á emisión dos informes favorables procedentes pola Xunta de Galicia, nos termos establecidos pola Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.*

-Cuestións orzamentarias : *A execución orzamentaria dos distintos programas incluídos no Plan estratéxico, debe ser respetuoso cos criterios de cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gastos (LO 2/2012), debendo verificarse tales extremos na análise das execucións trimestrais e a súa proxección a 31/12, debendo en caso de incumprimento adoptarse por parte das unidades xestoras as medidas que se consideren para o retorno á senda da estabilidade."*

Por todo o anteriormente exposto, tendo en conta que a aprobación do Plan Estratéxico de subvencións e, por tanto da presente actualización, non supoñe a xeración de dereito algún a favor dos potenciais beneficiarios, mentres non se adopte resolución de concesión polo órgano competente, que non poderán esixir indemnización ou compensación algunha no caso de que o Plan o a súa actualización non se leve á práctica nos seus propios termos. A súa vez, o feito de

que nun exercicio presupostario se encuentre consignada unha subvención, non xera expectativas de dereito en futuras anualidades.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde Presidente do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente (GMS); Ilma. Sra. DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación (GMS); Ilma. Sra. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilmo. Sr. DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural (GMS); Ilmo. Sr. DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Deportes (GMS); Ilma. Sra. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social e Igualdade (GMS), e o Ilmo. Sr. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Servizos Xerais e Participación Cidadá (GMS), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a actualización para o ano 2014 do III Plan estratéxico de subvencións do Concello de Lugo 2012-2015, a cal é seguinte teor literal:

INFORME: MEMORIA.- ACTUALIZACIÓN PARA O ANO 2014 DO III PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS. CONCELLO DE LUGO 2012-2015

O III Plan estratéxico de subvencións do Concello de Lugo para os exercicios 2012-2015, foi aprobado por Acordo número 18/215, do 4 de abril, do 2012. Sendo necesario acordar en Xunta de Goberno Local a actualización deste plan para cada un dos exercicios económicos; corresponde á presente anualidade 2014 a seguinte actualización:

CAPÍTULO II. BENEFICIARIOS E MATERIAS NAS QUE SE ESTABLECERÁN SUBVENCIÓNS

ARTIGO 5.

O Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986, dispón no seu artigo 232 que os Concellos, na medida en que o permitan os seus recursos orzamentarios, poden subvencionar economicamente ás asociacións para a defensa dos intereses xerais e sectoriais dos veciños, tanto polo que se refire aos seus gastos xerais como ás actividades que se realicen.

Polo tanto, concederanse subvencións, no orzamento xeral, mediante convocatoria pública ou nominativamente a través da súa concesión directa, a favor de persoas, asociacións ou entidades privadas ou públicas coa finalidade de

fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

Mediante Decreto 13.013.147, do 27 de decembro de 2013, aprobouse o Orzamento Xeral Prorrogado da Corporación para o exercicio 2014 (prorrogado do exercicio 2013). Así como a prórroga da vixencia das bases de execución orzamentaria coa salvidade daquelas especificacións que foron de aplicación exclusiva para o ano 2013, entre as que se encontra as previsións de Subvencións Nominativas incluídas na base 24.E).

Tendo en conta, por unha banda, que as distintas unidades xestoras consideraron esencial a articulación inmediata dos procedementos administrativos de fomento de colaboración na execución de diversos programas incluídos nas propostas de subvencións nominativas e, por outra, o tempo a transcorrer pola esixencia dos requisitos de publicidade establecidos na normativa para a entrada en vigor dos acordos referidos ó expediente administrativo de modificación das bases de execución, previa a emisión dos correspondentes informes da Intervención Municipal, xunto coa aprobación do proxecto de modificación por parte da Xunta de Goberno Local do 27/01/2014, o Excmo. Concello Pleno da Corporación adoptou o acordo núm. 3/3 do 3 de febreiro de 2014 polo que se aproba a 'Modificación de Bases de Execución Orzamentarias: Modificación da Base 24.E) Subvencións Nominativas 2014', publicada a súa aprobación definitiva no Boletín oficial da Provincia nº 066, do 21 de marzo de 2014. Inclúense nos orzamentos para gastos de subvencións un total de 2.743.946,62 euros.

ARTIGO 6.

O Concello establecerá anualmente subvencións nas seguintes materias:

- Deportes.
- Cultura e Turismo.
- Xuventude.
- Muller.
- Servizos sociais.
- Participación cidadá - Sanidade.
- Promoción emprego e Industria - Plan Urban.
- Urbanismo.

CAPÍTULO III. SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE DEPORTES

ARTIGO 7.

5. Custes previsibles: (Para o ano 2014)

O custo estímase por un importe total de: 869.000,00 euros.

- Outorgaranse como subvencións previstas nominativamente no orzamento xeral do Concello por un importe total de 715.000,00 euros a través de convenios, ou se é o caso resolucións, con diferentes clubs ou entidades do deporte lucense.
- Serán outorgados polo importe total de 130.000,00 euros subvencións e concesión de axudas económicas en réxime de concorrencia competitiva a asociacións ou entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de

actividades deportivas de interese xeral e sectorial e para o mantemento dos seus equipamentos de acordo coas bases que previamente se determinen para proceder á convocatoria e adxudicación destas subvencións.

- Serán outorgados polo importe total de 24.000,00 euros subvencións e concesión de axudas económicas en réxime de concorrencia competitiva a deportistas con talento ou de alto nivel de acordo coas bases que previamente se determinen para proceder á convocatoria e adxudicación destas subvencións.

34100.48900	Dotación orzamentaria 2014	869.000,00 €
	Convocatoria Subvencións a clubs e asociacións deportivas	130.000,00 €
	Convoc. Subv. Deportistas con talento ou de alto nivel	24.000,00 €
	Subvencións nominativas	715.000,00 €
	A Venatoria de Lugo	1.000,00 €
	A.D.C Sagrado Corazón	3.500,00 €
	Alcer Lugo	1.500,00 €
	Asoc. Veteranos C.D. Lugo	1.000,00 €
	Asociación Ancares Tuning club	1.000,00 €
	Asociación cultural e deportiva FEFEME triatlón do Miño	25.000,00 €
	Asociación de tiradores de Galicia	1.500,00 €
	Asociación Deportiva Cultural Descubrindo Lugo	1.000,00 €
	Asociación El Panda de los vientos	2.000,00 €
	Asociación inmigrantes y retornados Rioplatenses	1.000,00 €
	Asociación Lucense Automóviles Antiguos e Clásicos	2.500,00 €
	Asociación Xuvenil Sagrado Corazón	1.500,00 €
	C B Ensino	56.000,00 €
	C.B. Breogán	175.000,00 €
	C.B. Estudiantes	13.000,00 €
	Círculo de las Artes	1.000,00 €
	Club Academia Lucense de Balonmano	4.000,00 €
	Club Arco Muralla	1.500,00 €
	Club Baloncesto Cidade de Lugo	1.000,00 €
	Club Billar Anviar	1.500,00 €
	Club Billar Tempos Modernos	1.500,00 €
	Club Boxing Cidade de Lugo	10.000,00 €
	Club ciclista cidade de Lugo	25.000,00 €
	Club Ciclista Milagrosa	3.500,00 €

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: Acordo XGL 19-246-actualizacion Plan Estratéxico-2014 (2).doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-4-2014

Club de Golf	2.000,00 €
Club Fluvial	20.000,00 €
Club Gimnasio SENRA	3.000,00 €
Club Kickboxing Argos Astur	3.000,00 €
Club Lugo Esgrima	1.000,00 €
Club Lugo Fórmula	6.000,00 €
Club Lume Beisbol	5.000,00 €
Club Media Maratón	4.000,00 €
Club Padel Hotel Santiago	1.500,00 €
Club Padel Nuestro	1.000,00 €
Club Patíns Lóstregos Lucus	2.000,00 €
Club Shiham de kárate	1.500,00 €
Club Star Dance	3.000,00 €
Club Tenis As Termas	1.500,00 €
Club Tenis de Mesa Dez Portas	1.500,00 €
Club voleibol EMEVE	35.000,00 €
Clube Ciclista Correcamiños	3.000,00 €
Escola Lucense de Tiro con Arco	1.500,00 €
Escola Luguesa de Xadrez	3.000,00 €
Escudaría Miño	25.000,00 €
Federación Galega de Atletismo	1.500,00 €
Federación Galega de Fútbol Sala	1.500,00 €
Federación Galega de loita e D.A.	1.500,00 €
Federación Galega de Piragüismo	1.500,00 €
Fundación Azkar	8.000,00 €
Muralla Rugby Club	1.000,00 €
Prone Lugo, A.D.	175.000,00 €
Real Aéreo Club de Lugo	8.000,00 €
S.C.D. Milagrosa	2.000,00 €
S.C.D. Residencia	3.000,00 €
S.D.C. Polvorín	5.000,00 €
Squash Muralla de Lugo	1.000,00 €
Triatlón Fluvial-Cidade de Lugo	30.000,00 €
C.C. Flyriders Lucus	2.000,00 €
Club Filigrana	1.500,00 €
Gestop Rallie Team	6.000,00 €
Federación galega de Billar	4.000,00 €
Peña Arbitros 9,15	1.500,00 €
Club Hockey Liña Cabuxos	1.000,00 €
Club Badminton Troula	1.000,00 €
Outros convenios ou resolucións, de haber	

	consignación orzamentaria	
--	---------------------------	--

6. Fontes de financiamento:

O financiamento levarase a cabo con fondos propios con cargo á partida orzamentaria sinalada.

CAPÍTULO IV. SUBVENCÍONS EN MATERIA DE CULTURA

ARTIGO 8

5. Custos previsibles: (Para o ano 2014)

O custo estímase por un importe total de 125.500 euros.

- Serán outorgados polo importe total de 24.500,00 euros, en réxime de concorrencia competitiva a diferentes asociacións culturais, de acordo coas bases que previamente se determinen para proceder á convocatoria e adjudicación destas subvencións.
- Serán outorgados un total de 8.500,00 euros, en réxime de concorrencia competitiva, para a celebración de actos tradicionais nas parroquias e barrios do municipio de Lugo (Lume Novo).
- Como subvencións previstas nominativamente no orzamento xeral do Concello de Lugo outorgaranse un importe total de 92.500,00 euros, a través de convenios, ou no seu caso resolucións, con diferentes asociacións ou entidades.

33000.48900	Dotación orzamentaria 2014	125.500,00 €.
	Outras transferencias a familias e institucións s/ fins lucro (LUME NOVO)	8.500,00 €
	Convocatoria Subvencións Asociacións culturais	24.500,00 €
	Subvencións nominativas:	92.500,00 €
	Asociación de amigos do Jazz "Escobijazz"	16.000,00 €
	Asociación Provincial de Hostelería de Lugio (Concurso de tapas)	15.000,00 €
	Círculo das Artes	7.000,00 €
	Federación de libeiros de Galicia	7.000,00 €
	Fundación de Feiras e Exposicións de Lugo	7.500,00 €
	Grupo cinematográfico "Fonmiñá"	18.000,00 €
	Lugo Cultural, Universidade Santiago de Compostela	20.000,00 €
	Seminario Diocesano (Edición Revista Lucensia)	2.000,00 €

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: Acordo XGL 19-246-actualizacion Plan Estratéxico-2014 (2).doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-4-2014

	Outros convenios, ou, se é o caso, resolucións, de haber consignación orzamentaria.	
--	---	--

6. Fontes de financiamento:

O financiamento será con fondos propios con cargo ás partidas orzamentarias sinaladas.

CAPÍTULO V. SUBVENCIONES EN MATERIA DE XUVENTUDE.**ARTIGO 9****5. Custos previsibles:** (Para o ano 2014)

- Serán outorgados en réxime de concorrencia competitiva polo importe total de 10.000,00 euros de acordo ás bases que previamente se determinen para proceder á convocatoria e adxudicación destas subvencións.
- Por concesión directa poderán outorgarse de haber consignación orzamentaria a través da celebración de convenios, ou, se é o caso, resolucións, con diferentes asociacións ou entidades.

	Dotación orzamentaria 2014	10.000,00 €
33403.48900	- Convocatoria subvención a asociacións en materia de xuventude	10.000,00 €
	- Convenios, ou, se é o caso, resolucións, de haber consignación orzamentaria.	

6. Fontes de financiamento:

O financiamento será con fondos propios con cargo á partida orzamentaria sinalada.

CAPÍTULO VI. SUBVENCIONES EN MATERIA DE MULLER: Fomento do deporte feminino, ocio e actividades culturais que fomenten a integración da muller.**ARTIGO 10****5. Custos previsibles:** (Para o ano 2014)

O custo estímase por un importe total de 27.100,00 euros.

- Serán outorgados polo réxime de concorrencia competitiva polo importe total de 3.000,00 euros de acordo coas bases que previamente se determinen para proceder á convocatoria e adxudicación destas subvencións, todo iso condicionado segundo se expón de seguido.
- Por concesión nominativa no orzamento xeral ou por concesión directa outorgaranse por un importe total de 24.100,00 euros a través da celebración de convenios, ou, se é o caso, resolucións, con diferentes entidades.

23201.48900	Dotación orzamentaria 2014	27.100,00 €
--------------------	-----------------------------------	--------------------

Convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva en materia de promoción da igualdade de xénero. (*)	3.000,00 €
Subvencións Nominativas:	24.100,00 €
Asociación de Mulleres a Casiña de Esperante	1.000,00 €
Asociacións de Viúvas Julia Minguillón	1.000,00 €
Club baloncesto Cidade de Lugo	2.000,00 €
Club Emeve de Voleibol	3.000,00 €
Club F.S.F. Lucense	600,00 €
Club Feminino de Hockei "Meigas"	3.000,00 €
Club Fútbol Sala Feminino Cidade de Lugo	1.000,00 €
Club Natación Porta Miñá	2.500,00 €
Club Polideportivo Casas	2.500,00 €
Club Porta XI Club de Baloncesto-c-08514 (doce meses doce causas)	3.500,00 €
Club S. Fernando Lucus Caixa Rural	2.000,00 €
SCD Milagrosa	2.000,00 €
Outros convenios, ou no seu caso resolucións, de haber consignación orzamentaria	

(*) En relación coa convocatoria en concorrencia competitiva en materia de Muller, por mor da entrada en vigor da devandita 'Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local', ó non ser a materia competencia das Entidades Locais, esta convocatoria queda condicionada á efectiva asunción do exercicio das competencias na materia, por vía de delegación, ou por aprobación da normativa autonómica de desenvolvemento da dita Lei que así o permita e/ou, se é o caso, da solicitude e emisión do necesario informe vinculante da Administración Autonómica no que se sinala a inexistencia de duplicidades e sobre a sostibilidade financeira das novas competencias, de xeito que permita o exercicio de esta competencia como impropia.

A devandita liña de concesión de subvencións polo procedemento en réxime de concorrencia competitiva, está dotada con 3.000,00 euros con cargo á partida 23201.48900, e igualmente condicionada á aprobación da consignación presupostaria e á convocatoria que conterá as bases reguladoras da súa concesión

6. Fontes de financiamento:

O financiamento será con fondos propios con cargo á partida orzamentaria sinalada.

CAPÍTULO VII SUBVENCIONES EN MATERIA DE SERVICIOS SOCIAIS.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: Acordo XGL 19-246-actualizacion Plan Estratéxico-2014 (2).doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-4-2014

ARTIGO 11**5. Custos previsibles:** (Para o ano 2014)

O custo estímase por un importe total de 594.299,00 euros.

- Por concesión nominativa no orzamento xeral ou por concesión directa outorgaranse por un importe total de 216.500,00 euros, a través de convenios, ou no seu caso resolucións, con diferentes asociacións ou entidades.
- Serán outorgados polo réxime de concorrencia competitiva por un importe total de 377.799 euros, de acordo cos bases que previamente se determinen para proceder á convocatoria e adxudicación das ditas subvencións.

	Dotación orzamentaria 2014	594.299,00 €
23290.48900	Convocatoria de subvencións nominativas:	216.500,00 €
	ACADAR	3.000,00 €
	ADACE LUGO.- Asociación de dano cerebral adquirido sobrevido	8.000,00 €
	AFALU.- Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias	10.000,00 €
	ALCER Lugo	2.500,00 €
	ALUCEM	2.500,00 €
	ALUFI.- Asoc. De Fibromialxia de Lugo	2.000,00 €
	ALUME.- Asociación lucense de enfermos mentais	10.000,00 €
	Manuel Seijas Yáñez	4.500,00 €
	ALUXOR Asociación Lucense de xordos	9.500,00 €
	Asoc. Penitenciaria Concepción Arenal	5.000,00 €
	Asociación de persoas xordas de Lugo	7.000,00 €
	Asociación de promoción e integración xitana de Lugo	10.000,00 €
	Asociación española contra o cancro	2.500,00 €
	Asociación Leticia Cativa	3.000,00 €
	Asociación Síndrome de Down de Lugo	5.000,00 €
	ASPACE Asociación de pais de menores paráliticos cerebrais da provincia de Lugo	5.000,00 €
	ASPNAIS-Asociación de padres o titores de persoas con discapacidade intelectual de Lugo	16.000,00 €
	AUXILIA LUGO.- Asocn. para promoción social e cultural de diminuídos físicos	12.000,00 €
	Cáritas Diocesana de Lugo	9.000,00 €
	COGAMI Lugo	9.000,00 €

	Confederación GALEGA de minusválidos	10.000,00 €
	Cruz Roja Española	12.500,00 €
	FADEMGA	2.000,00 €
	FEAPES GALICIA.- Federac. Asociación de Enfermos Mentais de Galicia	5.000,00 €
	Fundación Secretariado xeral xitano	38.000,00 €
	Fundación Anade	2.500,00 €
	José María Díaz Torneiro (taxista)	2.000,00 €
	Raiolas Lugo (Asoc. Pais e persoas con trastornos xeneralizados do desenvolvemento)	2.000,00 €
	Solidariedade Galega co Pobo Saharahui	7.000,00 €
	-- Convocatoria subvención Asociacións	28.000,00 €
	-- Convocatoria subvención BONO TAXI para persoas c/ discapacidade física, afectadas de graves dificultades de mobilidade	9.000,00 €
	-- Convocatoria subvencións para a realización de proxectos de sensibilización social	19.500,00 €
	Total aplicable á partida presupostaria:	273.000,00 €
23290.48901	-- Convocatoria subvencións alugamento de vivenda para persoas con dificultades. <i>(Prórroga da convocatoria 2013 destínanse 206.108,18 €, Para a nova convocatoria do 2014 destinaranse 83.390,82 €.)</i>	289.499,00 €
32300.48100	--Convocatoria de bolsas escolares para familias con escasos recursos.	31.800,00 €
	Total convocatoria subvencións (concorrenza competitiva):	377.799,00 €
	Outros convenio ou, se é o caso, resolucións, de haber consignación orzamentaria.	

6. Fontes de financiamento:

O financiamento será con fondos propios con cargo á partida orzamentaria sinalada.

CAPÍTULO VIII- SUBVENCIÓN EN MATERIA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ.

ARTIGO 12

5. Custos previsibles: (Para o ano 2014)

O custo estímase por un importe total de 129.500,00 euros

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: Acordo XGL 19-246-actualizacion Plan Estratéxico-2014 (2).doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-4-2014

- Serán outorgados por un importe total de 45.500,00 euros, de acordo coas bases que previamente se determinen para proceder á convocatoria e adjudicación destas subvencións.
- Por concesión nominativa no orzamento xeral ou por concesión directa outorgaranse por un importe total de 33.000,00 euros, a través de convenios, ou, se é o caso, resolucións, con diferentes asociacións ou entidades.
- Por concesión nominativa ou por concesión directa por un importe total de 51.000,00 euros, á Protectora de Animais.

	Dotación orzamentaria 2014	129.500,00 €
92400.48900	Convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva	45.500,00 €
	Xunta de Confrarías de Semana Santa de Lugo para a organización da Semana Santa lucense	6.000,00 €
	Cruz Vermella (Primeiros auxilios)	22.000,00 €
	Asociación de consumidores e usuarios da provincia de Lugo. G27401967	2.500,00 €
	Agrupación de consumidores, conveciños e usuarios asociados. G27287663	2.500,00 €
	Total parcial subvencións nominativas:	33.000,00 €
	Total aplicable á partida presupostaria:	78.500,00 €
31300.48900	Accións relativas á Sanidade e Saúde Sociedade Protectora de Animais	51.000,00 €
	Total subvencións nominativas	84.000,00 €
	Outros convenios, ou, se é o caso, resolucións, de haber consignación orzamentaria.	

6. Fontes de financiamento:

O financiamento será con fondos propios con cargo á partida orzamentaria sinalada.

CAPÍTULO IX. SUBVENCIÓN EN MATERIA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E INDUSTRIA- PROXECTO URBAN**ARTIGO 13****5. Custos previsibles: (Para o ano 2014)**

PROMOCIÓN EMPREGO	Dotación orzamentaria 2014. (*")	450.000,00 €
24100.48900	- Convocatoria de axudas para pequenas empresas en concorrencia competitiva	200.000,00 €
24100.78900	- Convocatoria de axudas para pequenas	250.000,00 €

empresas en concorrencia competitiva

(**) Compre mencionar que no informe do 11 de marzo de 2013, da Técnica responsable de Desenvolvemento local, Isabel Villamor Cabado relativo á 'Convocatoria, en concorrencia competitiva, de subvencións para micropemes, pendentes de publicación dende xaneiro de 2014, á espera dos informes solicitados á Xunta', ponse de manifesto que a devandita convocatoria dotouse de consignación presupostaria e aprobáronse as bases así como a autorización do gasto o 30 de decembro de 2013, Decreto nº 13013237. Dí a Técnico que: '*Debido á entrada en vigor da 'Ley 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local', resolveuse aprazar a convocatoria das devanditas subvencións (a piques de ser publicada no BOP) ata que a Xunta de Galicia, como Administración Competente, informe acerca da inexistencia de duplicidades e sobre a sostenibilidade financeira, de xeito que neste intre atópase paralizada a devandita convocatoria.*'

PLAN URBAN	Dotación anual 2014	320.000,00 €
24400.77000	- Convocatoria de axudas ós Locais de Negocio	100.000,00 €
	- Convocatoria de axudas ás Novas Actividades Económicas na área PEPRI, no Concello	120.000,00 €
	- Convocatoria de axudas ás novas pemes culturais	100.000,00 €
	- Outros convenios, ou, se é o caso, resolucións, de haber consignación orzamentaria.	

6. Fontes de financiamento

- As axudas para promoción de emprego serán soportadas con cargo o presuposto municipal na partida orzamentaria sinalada, condicionadas á emisión do informe correspondente e favorable, por parte de Xunta de Galicia, indicado anteriormente.
- Respecto ós 320.000,00 € das axudas do Plan Urban, será con cargo ó presuposto municipal 64.000,00 €, e con cargo a Fondos FEDER 256.000,00 €.

CAPÍTULO X. SUBVENCIONES EN MATERIA DE URBANISMO - REHABILITACION.

ARTIGO 14

O custo estímase por un importe total de 218.547,62 euros

5. Custos previsibles: (Para o ano 2014)

- Cun importe total de 168.547,62 € correspondente a 13ª fase da Rehabilitación do Casco Histórico, coa concesión dunha subvención en réxime de concorrencia competitiva e segundo as bases reguladoras publicadas ao efecto.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: Acordo XGL 19-246-actualizacion Plan Estratéxico-2014 (2).doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-4-2014

- Cun importe total de 50.000,00 € concederanse, de acordo coas bases que previamente se determinen na convocatoria de subvencións, a particulares para a realización de ITE (Inspeccións Técnicas de Edificios).

	Dotación orzamentaria (2014)	218.547,62 €
15200.78000	Axudas en materia de actuacións na área de rehabilitación do casco histórico de Lugo a través de convocatoria: 13XX00043 Casco Hco. Fase XIII.- 168.547,62€ (Xunta 62.292,81 € e Ministerio 106.254,81 €)	168.547,62 €
15100.48900	- Axudas a particulares, con carencia de recursos, en materia de actuacións de Inspeccións Técnicas de Edificios (ITE)	50.000,00 €

6. Fontes de financiamento:

- Axudas en materia de actuacións na área de rehabilitación do casco histórico de Lugo a través de convocatoria, fináncianse do seguinte xeito: Fase XIII.- 168.547,62 € (Xunta 62.292,81 € e Ministerio 106.254,81 €)
- Respecto ós 50.000, 00 € das axudas a particulares (ITE) serán soportadas con cargo ó presuposto municipal na partida orzamentaria sinalada.

CAPÍTULO XIII. CONTROL E AVALIACIÓN DO PLAN

Artigo 15.

1. A Concelleira de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación levará a cabo o control do cumprimento do presente Plan 2012-20015 durante o seu período de vixencia.

2. Durante o primeiro trimestre de cada ano a concelleira de economía presentara un informe ante a Xunta de Goberno Local no que se avalíe a execución do Plan.

Artigo 16.

Finalizada a vixencia do Plan, e antes da elaboración do seguinte, a Concelleira de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación deberá presentar ante a Xunta de Goberno Local unha Memoria, que recolla información facilitada polos distintos servizos e departamentos do Concello, na que se contemple, polo menos, o grao de cumprimento do Plan, a eficacia e eficiencia do outorgamento de subvencións na consecución dos obxectivos e efectos pretendidos e conclusións, con proposta de suxestións para a elaboración do seguinte Plan estratéxico de subvencións”.

SEGUNDO.- Estar ao manifestado polo Sr. Interventor no seu informe transcrito no expoñendo V e notificar este acordo ás dependencias municipais afectadas.